



Guía Docente						
Datos Identificativos				2014/15		
Asignatura (*)	Neuroloxía da linguaxe I		Código	652498003		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3		
Idioma	Castelán					
Prerrequisitos						
Departamento	Medicina					
Coordinación	Rivadulla Fernandez, Juan Casto	Correo electrónico	casto.rivadulla@udc.es			
Profesorado	Duran Bouza, Montserrat Fernandez Fernandez, Esther Del Carmen Rivadulla Fernandez, Juan Casto	Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es esther.fernandez1@udc.es casto.rivadulla@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Los objetivos de esta materia pueden resumirse en los siguientes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Coñecer os fundamentos neurolóxicos básicos para o logopeda dende unha perspectiva teórica e práctica.</li><li>2. Introducir o alumno no estudo das bases neurolóxicas da comunicación e a deglución, coa finalidade de poder entender os mecanismos cerebrais implicados e os seus correspondentes alteraciones.</li><li>3. Coñecer a organización neurosensorial do fala e da audición e o contro neuromotor do habla.</li><li>4. Comprender a organización encefálica, anatómica e funcional, a partir dos modelos lesionales e funcionales.</li><li>5. Coñecer as principais afectacións neurolóxicas que cursan con alteracións da comunicación e a deglución.</li><li>6. Saber os fundamentos de lateralización cerebral7. Coñecer e identificar as diferentes técnicas de neuroimagen que se utiliza na actualidad8. Aprender a buscar e interpretar datos das fontes documentais primarias e secundarias.</li></ol>					

Competencias da titulación		
Código	Competencias da titulación	

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
XERAIS DA MATERIA			AP4 AP5 BP2 CP1
Poden describir coherentemente as bases biolóxicas, anatómicas e neuropsicolóxicas dos problemas da linguaxe e a comunicación.  Poden informar sobre a clasificación, a terminoloxía e a descripción dos trastornos da linguaxe e a comunicación.  Son capaces de recoñecer e discriminar entre a variedade das alteracións: os trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe, trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociadas a déficit auditivas e visuais, o déficit de atención, os trastornos do espectro autista, os trastornos específicos da linguaxe escrita; as dificultades de lectura; os trastornos da fluidez do fala; as disartrias; as disfonías; as alteracións da linguaxe no envellecemento e os trastornos degenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo selectivo e as inhibicións da linguaxe.  Poden describir as funcións da Intervención na área da linguaxe e a comunicación: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamiento.			

Contidos		
Temas	Subtemas	



Tema 1: Introdución ao SNC. Configuración externa: encéfalo e medula espiñal. Meninxes. Sistema ventricular. Configuración interna do SNC. Principais funcións do encéfalo. Introdución ao SNP: pares craniais e nervios raquídeos.	
Tema 2: Control neuromotor da fala. O sistema piramidal. Os tractos corticobulbares. Ás neuronas motoras inferior e superior. Neuronas motoras alfa e gamma. O sistema extrapiramidal. O sistema cerebeloso. Vía sensitiva. Arco reflexo.	
Tema 3. A evolución da linguaxe (e o sistema nervioso). A aparición da linguaxe, estruturas implicadas. Organización comparada do sistema nervioso. Estrutura funcional da codia cerebral. Neuronas espello.	
Tema 4: Organización cerebral da linguaxe. Áreas corticais implicadas no procesamento da linguaxe. Novas (e non tanto) técnicas de estudo do sistema nervioso: o electroencefalograma, as técnicas de imaxe, a magnetoencefalografía. Modelos biolóxicos da linguaxe. Asimetrías cerebrais. Aprendizaxe.	
Tema 5: . Adquisición e maduración da linguaxe. O desenvolvemento do sistema nervioso, conectividade das distintas estruturas, procesos de maduración neuronal. Os períodos críticos na adquisición da linguaxe. O cerebro bilingüe. A linguaxe de signos.	

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	18	24
Lecturas	3	5	8
Portafolios do alumno	7	11	18
Traballos tutelados	1	7	8
Proba obxectiva	1	10	11
Discusión dirixida	3	0	3
Atención personalizada	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Sesión maxistral	Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:Sección teórica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a, 2. - Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins), 3. - Contestación individual a un cuestionario.Sección práctica (hora e media): 1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a, 2. - Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos), 3. - Exposición e discusión sobre as respuestas de cada grupo.No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema coma para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abranguer ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudiante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realíicense durante o curso
Traballos tutelados	Os estudiantes non realizarán por cuatrimestre máis dun traballo tutelado. Este computará en todas as materias nas que estea matriculado posto que deberá contemplar as diferentes dimensións tratadas nelas. Todos os profesores/ás implicados actuarán como tutores, se ben será o coordinador da titulación quen lle asigne un tutor responsable. A relación de estudiantes e tutores responsables comunicarase a todo o profesorado. Finalizado o traballo todos os tutores farán unha valoración (previamente protocolizada para simplificala) que remitirán ao tutor responsable quen cualificará o traballo. Dado que en segundo cuatrimestre se acumulan materias, practicum e traballo fin de máster, os estudiantes, coa orientación do seu tutor e o acordo dos seus profesores poderán abordar un mesmo tema con tres perspectivas. Unha académica para responder á adquisición das competencias fixadas nas materias do plan de estudios. Outra profesional, para responder aos obxectivos do practicum. Unha última investigadora, onde a través da presentación dun proxecto de investigación poderán cumplir os obxectivos do traballo fin de máster. Pódese considerar, polo tanto, como un traballo único con tres partes e tres tutores diferentes. Cada un recibirá o traballo completo, se ben cualificará a súa parte dando lugar a tres cualificacións independentes. O traballo deberá estar formalmente dividido en tres partes independentes, posto que a parte académica debe ser valorada tamén polo profesorado do segundo cuatrimestre
Proba obxectiva	Ao finalizar cada cuatrimestre os estudiantes realizarán unha proba de evaluación única. Esta proba terá o formato de proba obxectiva e nela avaliaranse conjuntamente todas as materias. Para configurar a proba e dispor dun arsenal potencial, o profesorado remitirá 5 preguntas por crédito impartido nunha materia. Aos estudiantes entregárselles un cuestionario onde figurarán identificadas as materias coas preguntas que lles corresponden e contestarán só a aquellas nas que estean matriculados. A cualificación obtida en cada materia será remitida ao profesor/a correspondente para que a inclúa na evaluación do estudiante. Quen suspendan unha materia recibirán indicacións do seu profesor/a para a súa recuperación.
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudiantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respuestas ao conxunto da clase, abriéndose unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	

## Evaluación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral		10
Portafolios do alumno		40
Traballos tutelados		20

**Observacións avaliación**

A avaliación realizarase de forma individualizada en cada unha das materias do máster. A avaliación será continua e incluirá unha valoración cuantitativa do rendemento de cada estudiante en cada actividade realizada (incluídas as probas de exame que se poidan programar). Estas actividades serán recollidas polos estudiantes nun portafolios por materia. Nel os estudiantes recollerán todos os esquemas, presentacións, traballos realizados, lecturas, prácticas, cuestionarios contestados, etc. Este portafolios estará dispoñible sempre que o profesorado queira supervisalo e, en todo caso, será entregado ao finalizar as clases presenciais da materia para a súa supervisión e cualificación. Cada profesor avaliará as actividades realizadas, segundo as metodoloxías docentes empregadas, en os créditos que teñen asignados. A cualificación na materia será o resultado da media das cualificacións dos profesores que a impartan. A cualificación de cada profesor será ponderada segundo o número de créditos que imparte. No caso de utilizar probas puntuais de exame (proba obxectiva, preguntas tipo tema, etc.) a súa cualificación considerarase como parte do portafolios da materia, sen que o seu peso poida superar o 50% da nota total asignada ao portafolios. O resto da cualificación virá determinada polos criterios seguintes:

Asistencia a clase (por enriba do 80%): 10%

Realización de lecturas e traballos tutelados: 30%

Nivel de rendemento madureza demostrada en actividades prácticas e tutorías: 10%

**Fontes de información**

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

**Recomendacións**

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

**Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías